| | **BACHARELATO**<br>– Patricia Arias Chachero: Antoloxía escolar da época Nós, Ed. Galaxia<br>– Carlos Vila Sexto: As sete mortes, Galaxia<br>– Paulo Coelho: O alquimista, Galaxia<br>– Natalia Carou: A cova da moura, Baía Edicións<br>– Antía Yáñez: Senlleiras, Galaxia<br>– Begoña Caamaño: Morgana en Esmelle, Galaxia<br>– Circe ou o pracer do azul, Galaxia<br>– Carlos Casares: O sol do verán, Galaxia<br>– Santiago Lopo: A arte de trobar, Galaxia<br>– Xabier Quiroga: O cabo do mundo, Xerais<br>– Izan o da saca, Xerais<br>– Manuel Portas: Faneca Brava, Xerais<br>– Alessandro Baricco: Seda, Rinoceronte Editora SL<br>– Xosé A. Neira Cruz: Veleno de tinta impresa, Xerais<br>– Ledicia Costas: Un animal chamado néboa, Xerais<br>– Infamia, Xerais<br>– Anne Frank: Diario de Ana Frank, Faktoria K de libros<br>– Agustín Fernández Paz: Non hai noite tan longa, Xerais<br>– A viaxe de Gagarin. Xerais<br>– Antón Riveiro Coello: As rulas de Bakunin, Galaxia<br>– Inma López Silva: Memoria de cidades sen luz, Galaxia<br>– Carlos G. Reigosa: Pepa a Loba, Xerais<br>– Rosa Aneiros: Resistencia, Xerais<br>– Xosé Miranda: Morning Star, Xerais<br>– Marcos Claveiro: O xardineiro dos ingleses, Galaxia<br>– Yashmina Shawki: Fundación Libélula, Xerais<br>– X. L. Méndez Ferrín: Antón es os inocentes, Xerais<br>– Manuel Núñez Singala: Camiños na auga, Galaxia<br>– Fran P. Lorenzo: Cabalos e lobos, Xerais<br>– Miguel Anxo Fernández: Bícame, Frank, Galaxia<br>– Gonzalo Navaza: Erros e tánatos, Xerais.<br>– María Reimóndez: O club da calceta, Xerais<br>– Domingo Villar: Ollos de auga, Galaxia<br>– A praia dos afogados, Galaxia<br>– O último Barco, Galaxia<br>– Arantza Portabales: Beleza vermella, Galaxia<br>– Deixe a súa mensaxe despois do sinal, Galaxia<br>– Anna Gavalda: Xuntos e mais nada, Galaxia<br>– Unha bonita escapada, Galaxia<br>– Dolores Redondo: O gardián invisible, Xerais<br>– Legado nos ósos, Xerais<br>– Ofrenda á tormenta, Xerais<br>– Todo isto che darei, Xerais<br>– A cara norte do corazón, Xerais<br>– Pedro Feijoo: Os fillos do mar, Xerais<br>– A memoria da choiva, Xerais<br>– Os fillos do lume, Xerais<br>– Un lume azul, Xerais |
| | A importancia da literatura francesa é indiscutible tanto a nivel nacional coma internacional. Contribuiu ao enriquecemento do patrimonio cultural francés e tivo un |

<table>
<tr><td rowspan="5">FRANCÉS</td><td>papel fundamental na evolución da literatura mundial. Tivo unha enorme influencia en algúns movementos literarios noutros países e no desenvolvemento da literatura universal.</td></tr>
<tr><td>A todo isto, hai que engadir que foi unha plataforma para a análise e a reflexión sobre temas fundamentais como a condición humana e que axudou a dar forma ao pensamento filosófico e social ao longo dos séculos.</td></tr>
<tr><td>Grandes filósofos en lingua francesa coma Jean-Jacques Rousseau, René Descartes ou Michel Foulcaut, déronlle forma á nosa comprensión do mundo e da natureza humana.</td></tr>
<tr><td>Estas figuras destacadas son só algúns exemplos da contribución da filosofía francesa ao noso coñecemento colectivo.<br><br>Pero o impacto cultural da lingua francesa exténdese moito máis alá de Europa, e especialmente nos países francófonos, aportando á cultura mundial o seu propio matiz distintivo en multitude de campos como o cine, a literatura, a banda deseñada, a ciencia, a gastronomía, etc.<br><br>Para falar do esplendor da literatura francesa non é necesario retroceder varios siglos no tempo. Durante as últimas décadas, a literatura en lingua francesa continúa agasallándonos con obras de grande calidade que reflexan a súa propia historia, o seu modo de vivir e a súa identidade cultural.<br><br>Tendo en conta o expresado con anterioridade, desde o departamento de Francés proponse a lectura de obras de diversos xéneros de autores/as francófonos/as en lingua francesa, tanto clásicos como contemporáneos, pero tamén as súas obras traducidas ao castelán e ao galego para deste xeito dalas a coñecer tanto ao alumnado coma ao profesorado coma a calquera membro da comunidade educativa.<br><br>Aínda que hai moitas máis, estos son algúns autores/as francófonos/as que se atopan na nosa biblioteca:</td></tr>
<tr><td><table><tr><td>Albert Camus<br>Samuel Beckett<br>Simone de Beauvoir<br>le Clézio<br>Aintoine de Saint-Exupéry<br>Alphonse Daudet</td><td>Jules Verne<br>Alexandre Dumas<br>Marguerite Duras<br>Gaston Leroux<br>Gustave Flaubert<br>Anna Gavalda<br>Marguerite Yourcenar</td><td>Riad Sattouf<br>Dominique Lapierre<br>Molière<br>Simenon<br>Marcel Proust<br>Uderzo & Goscinny<br>Hergé<br>Morris</td></tr></table></td></tr>
<tr><td>XEOGRAFÍA E HISTORIA</td><td>1º e 2º e 3º DE ESO<br>– Blanco, Alfonso: A vida na Grecia Clásica. Ed.Xerais<br>– Cifuentes, Pedro: Historia de España en cómic. La Prehistoria<br>– Cifuentes, Pedro :Historia del arte en cómic. El mundo clásico.<br>– Cifuentes, Pedro :Historia del arte en cómic. La Edad Media.<br>– Cifuentes, Pedro : Historia del arte en cómic. Renacimiento.<br>– Goscinny e Uderzo: A serie de Astérix o Galo<br>– Irving, Washington: Cuentos de la Alhambra</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | **3 e 4º de ESO**<br><br>– Delisle, Guy. *Crónicas de Jerusalén.*<br>– Frank,Ana: *Diario*<br>– Gombrich, E.*Breve historia del mundo*<br>– Moore, A., Lloyd, D. *V de Vendetta.*<br>– Satrapi, Marjanne.*Persépolis*<br>– Spielmann, *Maus*<br>– Zusak, M., *La ladrona de libros*<br><br>**1º e 2º de Bacharelato**<br><br>– Altarriba, A.; *El arte de volar*<br>– Boutier, Jerry; *11 de septiembre de 2001. El día que cambió el mundo*<br>– Cajigal Vera, M.Ángel; *Otra historia del arte. No pasa nada si no te gustan las meninas*<br>– Delisle, G.; *Pyongyang*<br>– Ferrer Casas, A.; *Arde Cuba*<br>– Franc, A.; *Guantánamo kid. La historia verdadera de Mohammed El-Gorani*<br>– García Bello, D.; *La química de lo bello*<br>– García, S. e Olivares J.; *Las Meninas;*<br>– Martín, J.; *Jamás tendré 20 años*<br>– Millás, J.J. e Arsuaga J.L.; *La vida contada por un sapiens a un Neanderthal*<br>– Millás, J.J. e Arsuaga J.L. *La muerte contada por un sapiens a un Neanderthal*<br>– Orwell, G. ; *Rebelión en la granja*<br>– Preston, P.; *La guerra civil española*<br>– Remarque, E.M. ; *Sin novedad en el frente*<br>– Rubayo, S. (Gata Verde) ; *Te gusta el arte aunque no lo sepas*<br>– Sacco, Joe.; *Gorazde. Zona segura*<br>– Sacco, J.; *Palestina*<br>– Steinbeck, J.; *Las uvas de la Ira*<br>– Tardi, Vernye.; *¡Puta guerra! 1914-1919* |
| **TECNOLOXÍA** | Utilización da prensa diaria |
| **RELIXIÓN** | – *La estrella azul* de Flecher Pratt<br>– *La ciudad de la alegría de Dominique Lapierre*<br>– *Cruzada en jeans de Thea Beckman*<br>– *Cómics de San Benito "Mensajero de la Paz" de Guy Lelideux*<br>– *Cómics de Santiago "O fillo de Trono"*<br>– *Biblias*<br>– *Atlas bíblicos*<br>– *Los Héroes de la ciudad de la alegría*<br>– *Religiones del Mundo de Jorge Morales de Castro* |
| **ORIENTACIÓN** | *Unha primavera para Aldara* de Teresa Moure |

| | |
|---|---|
| **LENGUA CASTELLANA** | **PRIMER CICLO DE ESO**<br>– *Mares de plástico*, Ana Alcolea, editorial Anaya<br>– *Esmeralda*, Ana Alcolea<br>– *El despertar de Cervantes*, Vicente Muñoz, editorial Anaya<br>**3º ESO**<br>- *El viaje de Ulises*, Ana Alonso.<br>- *La sonrisa de los peces de piedra*, Rosa Huertas.<br>-*97 formas de decir te quiero*, Jordi Sierra i Fabra.<br>-*Campos de fresas,* Jordi Sierra i Fabra.<br>-*Mecanoscrito del segundo origen*, Manuel de Pedrolo.<br>- *El señor Ibrahim y las flores del Corán*, Eric-Emmanuel Schmitt.<br>-*Las chicas de alambre*, Jordi Sierra i Fabra.<br>-*Los mejores relatos de terror llevados al cine*, Varios autores, Ed. Loqueleo, Santillana.<br>-*Vigo es Vivaldi*, Jose Ramón Ayllon Vega.<br>-*Pulsaciones*, Javier Ruescas.<br>-*El misterio de la cripta embrujada*, Eduardo Mendoza.<br>-*Pupila de águila*, Alfredo Gómez Cerdá.<br>-*Cómo robé la manzana más grande del mundo*, Fernando Lalana.<br>**4º ESO**<br>-*Cita con la muerte,* Manuel L. Alonso.<br>- *Invisible*, Eloy Moreno<br>-*El encaje roto*, Emilia Pardo Bazán<br>-*Bajarse al moro*, J.L. Alonso de Santos.<br>-*Sin noticias de Gurb*, Eduardo Mendoza.<br>-*El deseo de ser Punk*, Belén Ruiz de Gopegui.<br>-*Una habitación en Babel*, Eliacer Cansino.<br>-*Las chicas de alambre,* Jordi Sierra i Fabra.<br>-*Todo es máscara,* Rosa Huertas.<br>-*Novela de ajedrez*, Stefan Zweig.<br>-*El curioso incidente del perro a medianoche*, Mark Haddon<br>-*El guardián entre el centeno*, J.D. Salinger<br>-*La casa de Bernarda Alba,* García Lorca.<br>-*Rebeldes*, Susan E. Hinton.<br>-*Donde surgen las sombras*, David Lozano Garbala. |

| | |
|---|---|
| | -*El diario rojo de Carlota,* Gemma Lienas.<br>-*Seis cerezas y media,* Juana Aurora Mayoral.<br>-*La mona risa. Los mejores relatos de humor,* Varios autores.<br>-*Historias del Kronen,* Jose Ángel Mañas.<br>-*1984*, George Orwell.<br>-*Young Sánchez y otros cuentos*, Ignacio Aldecoa.<br>**1º BAC**<br>*Hamlet* (edición adaptada)<br>*El perro del hortelano* (edición adaptada)<br>**2º BAC**<br>-*Romancero Gitano*, García Lorca.<br>- *La Fundación,* Buero Vallejo.<br>-*Crónica de una muerte anunciada*, Gabriel García Márquez<br>-*El lector de Julio Verne,* Almudena Grandes. |
| **FÍSICA Y QUÍMICA** | **LECTURAS RECOMENDADAS**<br>**ESO**<br>En 2º e 3º de ESO, sobre todo traballan na aula con lecturas breves –biografías de científicos, noticias de actualidade ou experimentos interesantes-, que capten a atención do alumnado). Además recomendan os seguintes textos.<br>– *Que le den a la ciencia* (Rocío Vidal)<br>– *Que ven los astronautas cuando cierran los ojos* (Antonio Martínez Ron)<br>– *¿Papá, donde se enchufa el sol?* (Antonio Martínez Ron)<br>– *El ojo desnudo* (Antonio Martínez Ron)<br>– *Silencio* (Agustín Agra)<br>– *Cómo explicar física cuántica con un gato zombi* (Big Van , científicos sobre ruedas)<br>– *Mala ciencia* (Ben Goldacre)<br>**BACHARELATO**<br>– *El cuerpo humano*. (Bill Bryson)<br>– *Una breve historia de casi todo*. (Bill Bryson)<br>– *Cosmos*. (Carl Sagan)<br>– *Inteligencia física*. (Javier Santaolalla)<br>– *El bosón de Higgs no va a hacerte la cama*. (Javier Santaolalla)<br>– *La ridícula idea de no volver a verte* (Rosa Montero)<br>– *La vida contada por un sapiens a un neandertal* (Juan José Millás y Juan Luis Arsuaga)<br>– *La muerte contada por un sapiens a un neandertal* (Juan José Millás y Juan Luis Arsuaga)<br>– *Un verdor terrible* (Benjamín Labatut)<br>– Prometeo americano (Kai Bird, Martin J. Sherwin)<br>– *El problema de los tres cuerpos* ( Cixin Liu) |

ACTIVIDADES PROGRAMADAS:

A continuación preséntanse as actuacións previstas pola biblioteca. Algunhas das actividades que se recollen poderán verse modificadas por diferentes circunstancias.

As principais actividades/proxectos que, en principio, se desenvolverán ao longo de todo o curso son:

- O Club de lectura

  Que se desenvolve mensualmente no tempo entre as sesións de mañá e tarde dos martes, con reunións para falar das lecturas e realizar numerosas actividades lúdicas en torno a un libro. Está dirixido a alumnado de ESO e FPB.

- O Equipo de xornalistas

  Que se reunirá semanalmente para formarse e realizar actividades de creación audiovisual. Aproveitaremos a dotación de "Polos Creativos" xunto co material do que xa se dispoñía no centro (cámara de vídeo, cámara fotográfica, micrófonos, gravadora,...) Participa alumnado de 1º a 3º de ESO.

- Venres culturais

  Que se desenvolverán no periodo de lecer e nos que precisaremos a colaboración de alumnado e profesorado voluntario. Realizaremos xogos de mesa didácticos e actividades culturais de diferentes disciplinas. Fomentaremos a participación do alumnado da FPB nesta actividade, que actuarán como monitores.

- Batallas dialécticas

  Serán xornadas de debate con público, que se intentarán realizar unha vez ao mes, sempre que se conte con alumnado voluntario. Fomentaremos a participación do alumnado da materia de oratoria, aínda que está aberto a outros participantes.

- Intercambio de correspondencia con centros europeos

  Trátase dun proxecto eTwinning promovido pola biblioteca para que o alumnado do centro coñeza outras culturas e mellore a súa competencia escrita en diferentes linguas. Buscaremos a colaboración dos departamentos de Inglés e Francés.

- Adquisición de recursos

  A selección, adquisición e catalogación de novos recursos así como o expurgo de fondos en estado defectuoso, redundantes ou que non se adecúen á colección é unha tarefa que se realiza durante todo o curso (sempre en función do orzamento).

  Priorizaremos a adquisición de fondos para alumnado con necesidades educativas, e aqueles recursos destinados a poñer en práctica as actividades anuais antes descritas.

- Exposicións

  Coa renovación periódica ao longo de todo o curso dos contidos da mesa expositora situada no vestíbulo da entrada do centro e/ou o moble expositor do corredor da biblioteca daremos a coñecer a diversidade de materiais existentes na biblioteca e as actividades que se realizan desde a biblioteca así como as producións do alumnado de distintos cursos en varias materias.

- Difusión das actividades

  O blog da biblioteca. Atópase aloxado na dirección https://bibliotecasafo.wordpress.com A través del fomentaremos a participación nos proxectos levados a cabo dende a biblioteca e usarase como canle de difusión de todas as actividades da biblioteca, así como das novas adquisicións de fondos.

Ademáis están programadas estas actividades puntuais:

- Concurso de escritura para a ESO.
- Asistencia a obras de teatro
- Encontros con autores
- Mercadillo de intercambio de libros
- Celebracións de días sinalados: 25N, Samaín, día da Muller, día do Libro, día da Ciencia, día da poesía, día do cómic, …
- Torneo de xadrez
- Colaboración co concello nas actividades que se acorden.
- Actividade conxunta co Centro de Día.
- Participación en festivais audiovisuais, como pode ser Olloboi, e nas actividades que estes organicen.

Ademáis destas actividades intentaremos realizar algunha saída co alumnado a algunha actividade cultural e realizar algún encontro con autores. Estas actividades dependerán das datas que se vaian ofertando.

Para a realización das actividades contamos, entre outros, con estes recursos e materiais

- Libros de lectura
- Ordenadores
- Aula de audiovisuais equipada (para usar principalmente co equipo de xornalistas)
- Colección de xogos de mesa e xogos de xadrez.
- Altofalante portátil para as batallas dialécticas.
- Diversos materiais de papelería

- Formación de usuarios

  No mes de outubro, realizamos unha xornada de formación de usuarios para que o alumnado coñeza o funcionamento, organización, normas de uso e servizos da biblioteca. Nesta visita, explicaráselle ao alumnado o sistema de clasificación CDU dos fondos e o acceso á plataforma de lectura dixital.

- Alumnado voluntario

  Crearemos e asesoraremos a un grupo de alumnado voluntario encargado de organizar e participar en diversas actividades culturais aproveitando a celebración de efemérides e diversos proxectos de centro enfocados cara a inclusión, diversidade, feminismo,…

participación obradoiros e en diversos proxectos audiovisuais, así como presentacións, representacións ou actividades que organice a biblioteca.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

A principios de curso, farase unha reunión na que os departamentos chegarán a un acordo sobre os libros de lectura que esixirán en cada nivel, procurando que non sexan demasiados e intentando que sexan susceptibles de ser traballados en varias áreas.

Ao longo de cada curso, nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, farase un seguimento do Plan Anual de Lectura e ao final do curso faranse as recomendacións pertinentes para o PAL do curso seguinte.

O Plan de Lectura e o Plan Anual de Lectura estarán a disposición de toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro.

Para comprobar se o PAL se está a desenvolver correctamente os indicadores que se terán en conta e os instrumentos que se van utilizar recóllense a continuación:

Indicadores:

En canto ao alumnado poderán valorarse:

- Os avances realizados na competencia lectora, na expresión oral e escrita, na comprensión de calquera tipo de texto: histórico, artístico, económico, matemático, científico...
- A cantidade e a calidade das súas lecturas.
- A participación activa e voluntaria nas propostas da biblioteca.
- Os produtos finais nas diferentes actividades creativas propostas.
- O grado de satisfación do alumnado coas actividades realizadas.

En canto ao profesorado valoraremos:

- O uso do espazo da biblioteca para impartir clases.
- A utilización dos fondos tanto para uso persoal como para preparar a súa materia.
- A participación na elaboración e no desenvolvemento de propostas de fomento da lectura.

Instrumentos:

- Estatísticas do programa de xestión de biblioteca Meiga do préstamo anual.
- Estatísticas de valoración do profesorado e alumnado.
- O índice de participación da comunidade educativa no club de lectura, no grupo de voluntariado, nos concursos e certames previstos, ou en calquera manifestación derivada da actividade cultural da biblioteca.
- A caixa de suxestións da biblioteca instalada no centro.

## 11. LIBROS DE TEXTO

| CURSO | DEPARTAMENTO | TITULO. AUTOR. EDITORIAL. ANO | ISBN |
|---|---|---|---|
| 1º ESO | LINGUA GALEGA E LITERATURA | LINGUA GALEGA E LITERATURA, EDITORIAL ANAYA. | 978-84-143-0512-6 |
| | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA1º ESO ED. ANAYA. | 978-84-143-0472-3 |
| | CIENCIAS SOCIAIS | XEOGRAFÍA E HISTORIA. CONSTRUÍNDO MUNDOS 2022 | 978-84-9185-424-1 |
| | FRANCÉS | J'AIME 1 DA EDITORIAL CLE INTERNATIONAL/ANAYA (SEN CUADERNIÑO DE ACTIVIDADES) | 978-84-14316979 |
| | MATEMÁTICAS | GENIOX, EDITORIAL OXFORD | 978-01-905-3668-8 |
| | INGLÉS | ON TRACK 1 STUDENT´S BOOK EDITORIAL: OXFORD UNIVERSITY PRESS | 978-0-19-485997-4 |
| | CIENCIAS NATURAIS | BIOLOXÍA E XEOLOXÍA SANTILLANA, PROXECTO CONSTRUÍNDO MUNDOS, ED. SANTILLANA | 978-84-9185-422-7 |
| | TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN I | TECNOLOGÍA Y DIGITALIZACIÓN I EDITORIAL: TEIDE. COLECCIÓN: LEVA | 978-84-307-7440-1 |
| 2º ESO | LINGUA GALEGA E LITERATURA | LINGUA GALEGA E LITERATURA 2. EDIT. ANAYA (OPERACIÓN MUNDO), 2023 | 978-84-143-2479-0 |
| | LINGUA CASTELA E LITERATURA | LENGUA Y LITERATURA 2 ESO. ED. ANAYA. OPERACIÓN MUNDO, 2023 | 978-84-143-2439-4 |
| | CIENCIAS SOCIAIS | XEOGRAFÍA E HISTORIA. 2º ESO, ED. VICENS VIVES | 978-84-682-8793-5 |
| | FRANCÉS | J'AIME 2 DA EDITORIAL CLE INTERNATIONAL/ANAYA (SEN CUADERNIÑO DE ACTIVIDADES) | 978-84-143-1698-6 |
| | FÍSICA E QUIMICA | 2º ESO FISICA Y QUIMICA, EDITORIAL. ED. SANTILLANA, 2023 | 978-84-144-2479-7 |
| | TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN II | TECNOLOGÍA Y DIGITALIZACIÓN II EDITORIAL: DONOSTIARRA COLECCIÓN: PROYECTO STAR. | 978-84-7063-677-6 |
| | MATEMÁTICAS | MATEMÁTICAS 2º ESO, OXFORD UNIVERSITY PRESS COLECCIÓN: GENIOX | 978-01-905-4172-9 |
| 3º ESO | MATEMÁTICAS | MATEMÁTICAS, GENIOX, EDITORIAL OXFORD. | 978-01-905-3669-5 |
| | LINGUA GALEGA E LITERATURA | LINGUA GALEGA E LITERATURA, EDITORIAL ANAYA. | 978-84-143-0516-4 |
| | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA, ED. ANAYA. | 978-84-143-0476-1 |
| | CIENCIAS SOCIAIS | XEOGRAFÍA E HISTORIA. ED. SANTILLANA, CONSTRUÍNDO MUNDOS 2022. | 978-84-9185-425-8 |
| | FRANCÉS | J'AIME 3 DA EDITORIAL CLE INTERNATIONAL/ANAYA. (SEN CADERNIÑO DE ACTIVIDADES) | 978-84-14316993 |
| | FÍSICA E QUÍMICA | FÍSICA E QUÍMICA, EDITORIAL SANTILLANA . PROYECTO "CONSTRUYENDO MUNDOS" | 978-84-144-0005-0 |
| | CIENCIAS NATURAIS | BIOLOXÍA E XEOLOXÍA SANTILLANA. PROXECTO CONSTRUÍNDO MUNDOS. | 978-84-9185-397-8 |
| 4º ESO | LINGUA GALEGA E LITERATURA | LINGUA GALEGA E LITERATURA 4. ED. ANAYA (OPERACIÓN MUNDO) 2023 | 978-84-143-2483-7 |
| | LINGUA CASTELÁ E LITERATURA | LENGUA Y LITERATURA 4 ESO. ED. ANAYA (OPERACIÓN MUNDO) 2023 | 978-84-143-2443-1 |
| | CIENCIAS SOCIAIS | XEOGRAFÍA E HISTORIA. 4º ESO ED. VICENS VIVES. | 978-84-682-9519-0 |
| | FRANCÉS | J'AIME 4 DA EDITORIAL CLE INTERNATIONAL/ANAYA. (SEN CUADERNIÑO DE ACTIVIDADES) | 978-84-143-3574-1 |
| | FÍSICA E QUÍMICA | FÍSICA Y QUÍMICA, 4º ESO, ED. SANTILLANA | 978-84-144-4873-1 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA** | BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO, ED. SANTILLANA, CONSTRUÍNDO MUNDOS. | 978-84-9185-725-9 |
| | **TECNOLOXÍA** | TECNOLOXÍA 4º ESO, ED. TEIDE | 978-84-307-5664-3 |
| **1º BACH** | **HISTORIA** | HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORANEO. BAHÍA EDICIÓNS. | 978-84-9995-318-2 |
| | **FRANCÉS** | NOUVELLE GÉNÉRATION A2-B1 DA EDITORIAL SANTILLANA/DIDIER. | 978-84-9049-475-2 |
| | **LENGUA CASTELLANA** | LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA, CONSTRUYENDO MUNDOS, ED SANTILLANA. | 978-84-6806-716-2 |
| | **LINGUA GALEGA** | LINGUA GALEGA E LITERATURA, PROXECTO EDUCATIVO: OPERACIÓN MUNDO, ED. ANAYA. | 978-84-143-1108-0 |
| | **CIENCIAS NATURAIS** | BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CC. AMBIENTAIS, ED. SANTILLANA, CONSTRUINDO MUNDOS. | 978-84-9185-427-2 |
| | **TECNOLOGÍA** | TECNOLOGÍA E INGENIERÍA I. ED. DONOSTIARRA S.A. | 978-84-7063-662-2 |
| **2º BACH** | **CIENCIAS SOCIAIS HISTORIA** | HISTORIA DE ESPAÑA, 2º BACH, ED. BAÍA EDICIÓNS | 978-84-9995-430-1 |
| | **FRANCÉS** | NOUVELLE GÉNÉRATION B1 DA EDITORIAL SANTILLANA/DIDIER | 978-84-9049-476-9 |
| | **LINGUA GALEGA** | LINGUA GALEGA E LITERATURA 2ºBACH. ED. CONSORCIO- BAÍA EDICIÓNS | 978-84-9995-431-8 |
| | **CIENCIAS NATURAIS** | BIOLOXÍA. ED SANTILLANA CONSTRUÍNDO MUNDOS. | 978-84-9185-714-3 |
| | **XEOGRAFÍA** | XEOGRAFÍA, 2º BACH, ED. ANAYA (OPERACIÓN MUNDO) | 978-84-143-1597-2 |
| | **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA** | LENGUA Y LITERATURA, ED. ANAYA (SUMAPIEZAS), 2021 | 978-84-143-2947-4 |

## 12. CONCRECIÓN CURRICULAR

As modificacións foron aprobadas na CCP e Claustro do 24 de outubro. Están incorporadas na aplicación PROENS e o enlace para a súa consulta estará a disposición da comunidade educativa na páxina web do centro: https://www.edu.xunta.gal/proens/

## 13. PLAN DIXITAL.

O Plan dixital do curso actual foi aprobado no Claustro e Consello Escolar do 24 de outubro.

O Plan estará a disposición na páxina web do centro e pódese consultar na plataforma Educalidade no seguinte enlace: https://www.edu.xunta.gal/educalidade/

## 14. PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

INTRODUCCIÓN:

A Formación en Centros de Traballo (FCT) é o último módulo profesional de carácter obrigatorio que cursan os alumnos e a característica máis relevante é que se desenvolve no ámbito productivo real, onde o alumno e alumna pode observar e desempeñar as funcións propias das distintas ocupacións relativas a súa competencia. Coa superación de este módulo os alumnos e alumnos obtendrán o titulo oficial de FP básica, grao medio ou superior según corresponda.

A gran maioria do alumnado do IES ESPIÑIERA que realiza as prácticas da FCT son empresas pymes do sector de servizos, como son asesorias para o alumnado de administración, pequenos comercios relacionados ca electrónica e electricidade para o alumnado do ciclo medio de instalacións de telecomunicación e os da FP básica.

## NORMATIVA

A FCT esta regulada pola seguinte normativa vixente

- Orde do 24 de maio de 2005 pola que se regula o desenvolvemento de estadías formativas en empresas ou institucións situadas fóra do Estado español destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas non universitarias en centros autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento de estadías de formación práctica en empresas ou institucións situadas en Galicia, destinadas ao alumnado procedente doutros Estados.
- Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Corrección de erros da Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo.

A normativa relacionada cas axudas:

- Orde do 19 de xullo de 2023, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en entros de traballo ou FP dual (DOG do 28de agosto)

No IES ESPIÑEIRA de Boiro os alumnos e alumnas que deberán realizar a FCT pertenecen os seguintes ciclos formativos:

- Ciclo Medio de Xestión Administrativa
- Ciclo Superior de Administración de Finanzas
- Ciclo Medio de Telecomunicación
- Formación Profesional Basíca en Informática e telecomunicacións.

## PROFESORES TITORES

Os titores que responsabilizáronse da realización do programa da F.C.T. neste curso son:

| | |
|---|---|
| 2º Administración e finanzas (LOE) | Ferreira Filgueiras María José |
| 2º Informática e comunicacións (LOMLOE) | Torres Fungueiro María del Rocío |
| 2º Instalacións de telecomunicacións (LOE) | Figueira Bandín Pablo |
| 2º Xestión administrativa (LOE) | Muñiz Vilas Paula |

## PERÍODOS DE FCT

Duración:

- Administración e finanzas 384 horas (48 xornadas),
- Xestión administrativa 410 horas (52 xornadas)
- Instalacións de telecomunicacións 410 horas (52 xornadas)
- Informática e telecomunicacións 320 horas (40 Xornadas)

PERÍODO OUTUBRO 2024:

- O alumando de Administración e finanzas dende 02/10/2024 ata 13/12/2024

- O alumnado do CM de Xestión administrativa e CM de instalacións dende o 02/10/2024 ata 13/12/2024

Neste periodo realizarán a FCT :

- CM Xestión administrativa: 2 alumnas nos concellos de Ribeira e Boiro
- CM de instalacións comunicacións: Coaxial SL

PERÍODO ABRIL2025

O alumnado que realizará a FCT neste periodo dende o 08 de abril ata o 20 de xuño do 2025 para os ciclos de administración e electrónica e para FP básica dende o 22 abril ata o 18 de xuño do 2025

O alumnado matriculado é o seguinte:

- 2º Administración e Finanzas: 18 alumnos/as
- 2º Xestión Administrativa: 17 alumnos e alumnas
- 2º Instalación e comunicacións: 5 alumnos
- 2º FP básica de informática e telecounniacións: 11 alumnos

## AXUDAS

Alumnado excluído

- O alumnado de FP dual en cuxos proxectos se inclúan axudas por desprazamento e aloxamento.
- O alumnado que realice a FCT fóra do territorio español e teña concedida unha axuda Erasmus + KA102; Fundación Paidea, ou calquera outra que financie totalmente o período de FCT, polas xornadas realizadas fóra do Estado español.
- Os que realicen a FCT ou a FP dual concello do centro educativo ou no concello de residencia

Datas principais

- Prazo de outubro, para o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro a decembro de 2024.
- Teñen que rematar a FCT obrigatoriamente antes do 31 de decembro de 2024.
- Para poder tramitar os pagamentos antes do 31 de decembro de 2024, emendar algún posible erro, contactar cos centros..., recoméndase que rematen a FCT antes das vacacións de Nadal

## EXENCIÓN DO MÓDULO DA FCT

1. O módulo de FCT é susceptible de exención pola súa correspondencia coa experiencia laboral, segundo se establece no artigo 49, do Real decreto1538/2006, do 15 de decembro (BOE do 3 de xaneiro), polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.

2. A solicitude de exención formalizarase polo menos 20 días hábiles antes do inicio das actividades programadas para o módulo de FCT.

3. A exención poderá ser total ou parcial, dependendo da correspondencia que haxa entre a experiencia acreditada e os contidos do módulo formativode FCT.

4. A exención requirirá, ademais de cumprir o requisito de experiencia laboral, a matrícula previa do alumno ou da alumna nun centro docente autorizado para impartir ensinanzas conducentes ao título do ciclo formativo correspondente.

5. Débese acreditar unha experiencia laboral correspondente ao traballo a tempo completo dun ano, relacionada cos estudos profesionais respectivos. No caso de contratos a tempo parcial, os días de cotización deberán ser equivalentes a un ano a tempo completo.

6. O alumno ou a alumna deberán presentar na secretaría do centro a seguinte documentación:

a) Solicitude á dirección do centro docente onde este estea matriculado. No caso de centros privados, a dirección trasladará as solicitudes ao centro público ao que estea adscrito.

b) Certificación da Tesouraría Xeral da SeguridadeSocial, ou da mutualidade laboral á que se estivese afiliado ou afiliada, na que conste a empresa, a categoría laboral, o grupo de cotización e o período de contratación ou, de ser o caso, o período de cotización en réxime especial de traballadores autónomos, ou calquera outro medio de proba admitido en dereito.

c) Certificación da empresa na que se indique especificamente a duración do contrato, as actividades desenvolvidas e o período en que se realizaron estas actividades. No caso de traballadores e traballadoras por conta propia, certificación de alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade dun ano, así como unha declaración da persoa interesada das actividades máis representativas.

7. O titor ou a titora do centro educativo, en colaboración co equipo docente, logo da análise da documentación achegada, deberán emitir un informe e unha proposta, que lle farán chegar á dirección do centro, sobre a concesión ou non da exención total ou parcial, de ser o caso.

8. Nos centros públicos resolve a dirección do centro e, no caso dos centros privados, a dirección do centro ao que estea adscrito.

9. O acordo da concesión ou non da exención total ou parcial comunicaráselle por escrito á persoa solicitante no prazo de 10 días.

## 15. PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES

O Plan foi aprobado no Claustro e Consello Escolar do 24 de outubro. Incorporarase ao proxecto Educativo do centro e publicarase na páxina web.

ANEXO I desta PXA.

## 16. PROGRAMACIÓN EDLG

O equipo de Dinamización da Lingua Galega é o seguinte:

- Alumnado: Irene Báscones Torre, Cosme López Pouso, Laura Segade Ríos.
- Profesorado: María Margarita Fernández Gómez, Alberte Pagán Vázquez, Paula Muñiz Vilas.
- Persoal Non docente: Mónica Pardavila Boo.

A programación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Espiñeira expón os fundamentos da súa actuación. O labor do EDLG baséase nun proxecto editorial nacido na nosa sé educativa. Tal circunstancia determina o carácter non venal dos produtos creados, e xustifica o escaso número de exemplares en papel, destinados á difusión por entidades culturais sen ánimo de lucro.

O marco sociolingüístico que encadra a proposta remite a un bilingüismo mesurado, onde o galego representa a linguaxe afectiva fronte ao castelán, practicamente relegado ao eido burocrático. Cómpre subliñar a procedencia do alumnado, pois o Concello de Boiro suma ao núcleo urbano numerosas aldeas, tradicionalmente reticentes á colonización castelá. Porén, obsérvase que a rapazada falante en galego acode ao castelán cando se expresa na escrita. Na nosa opinión, iso débese a un dominio pouco firme das regras ortográficas, que obstaculiza a normalización do emprego das mesmas.

Na preferencia do castelán como vehículo de escritura radica a necesidade da iniciativa. Os textos fixan os contidos e transmiten a sabedoría dos devanceiros. Asemade, a posesión dun corpus textual convenientemente catalogado constitúe un signo de avance social e cívico a repercutir no desenvolvemento pedagóxico e intelectual do país. Con este pulo traballamos dende o EDLG do IES Espiñeira, ao que impuxemos o nome de Thíasos polos vínculos que o amarran á biblioteca do centro, a Biblioteca Safo. O labor do EDLG Thíasos fica rexistrado no proxecto editorial homónimo.

OBXECTIVOS

Os obxectivos do proxecto a medio prazo son os seguintes:

- Difundir a dimensión literaria da lingua.- A publicación en galego dende o centro involucra os diversos sectores da comunidade educativa, pois ao redor do proceso de edición xorden numerosas actividades que precisan do concurso oral dos proxenitores e, nomeadamente, dos avós e da veciñanza de idade avanzada.
- Delimitar os ángulos da produción literaria.- A iniciativa partiu de dúas liñas de actuación, de acordo co principio de creación e de transmisión: os escritores crean, os tradutores transmiten. Emporiso, Thíasos bifurcouse en varias coleccións: Invisíbeis, que integra traducións ao galego dende a lingua de orixe e Inesgotábeis, que compila manifestacións inéditas cedidas xenerosamente por autores con obra xa publicada.
- Implicar directamente o alumnado no imaxinario das letras e da cultura no país.- O esquema do comezo aumentou grazas a outra colección: Inesquecíbeis, que reúne as composicións da rapazada, e Inescusábeis, en formato audiolibro.
- Poñer a dixitalización ao servizo dos contidos lingüísticos.- A colección Inescusábeis, en formato audiolibro, está a piques de se materializar. Concíbese como un mecanismo que difunda entre a rapazada o pracer da lectura en voz alta.
- Fomentar nas crianzas a autonomía.- Tentamos que o alumnado procure os métodos e ferramentas necesarias para acadar as metas que persiga. É importante potenciar a competencia dixital dun colectivo integrado sobre todo por nativos dixitais. A exploración das novas tecnoloxías inaugura unha ruta xenerosa e propicia ás artes.

Os obxectivos a longo prazo aspiran a:

- Instituír un obradoiro de lectoescritura.- Kleos xermolou no ano académico 2021-2022, e púxose timidamente en práctica nos dous seguintes. Non obstante, apréciase o ritmo lento que asiste a un plan ambicioso. Non é doado equilibrar a disciplina coa perspectiva lúdica, e debemos fuxir da noción de reforzo que, inevitabelmente, apousa no alumnado cando se lle suxire acudir a un obradoiro.
- Redactar unha gaceta.- Trátase dunha incursión na prensa rosa con noticias escrupulosamente contrastadas. Os contidos de Kleis, a gaceta de Kleos, referiranse a persoeiros da historia, da arte e, nomeadamente, da literatura.
- Ponderar o proceso editorial.- A publicación dunha obra remata unha longa xestación. A participación do alumnado na mesma logra aquilatar a valía da proceso editorial e, en definitiva, incrementar a afección pola literatura na dúplice vertente da lectura e a escritura.

## ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

Todas as actividades realizadas polo EDLG Thíasos atópanse na bitácora da corporación; pódese visitar na seguinte ligazón: thiasosedlg.wordpress.com. Asemade, contamos cunha canle en YouTube con referencia edlgthiasos, e cunha conta de Instagram (@edlgthiasos).

Os exercicios cuxa realización se levou a cabo ou se prevé a curto prazo son os seguintes:

- Publicación de obras pertencentes ás devanditas coleccións.
- Elaboración dos números da revista Kleis.
- Ilustracións do primeiro volume da colección Inesquecíbeis, cuxo texto figura no blog, pero a versión en papel agarda pola imaxe. O alumnado de EPV na ESO acomete a tarefa baixo a supervisión da profesora que imparte a materia, Mónica Pérez Arias.
- Celebración das datas relevantes no ensino en galego, nomeadamente o Día de Rosalía e o Día das Letras Galegas.
- Conmemoración de efemérides que potencien a literatura e a cultura, e salienten a relación con Galiza de persoeiros do eido intelectual.
- Desenvolvemento de actividades de continuidade que incidan sobre aspectos de singular interese para o EDLG Thíasos: a Semana das Humanidades e a Semana da Lusofonía, que se celebrarán no segundo e terceiro trimestre, respectivamente.
- Confección de playlists e tier lists, co propósito de satisfacer as pescudas do alumnado respecto ás artes e ás correntes artísticas vinculadas coa literatura.

A longo prazo prevese a realización das seguintes dinámicas:

- Renovación do Salón de Actos, con ecos da Grecia e a Roma clásicas. Simularase unha biblioteca antiga, con paneis para explicaren a evolución do libro dende a civilización grecorromana ata hoxe.
- Organización dunha viaxe escolar con itinerarios que evoquen as letras gregas e latinas. As crianzas sufragarán cadanseus gastos, se os pais acceden, por medio da venda de produtos alimenticios, supervisada polo profesorado promotor. Deste xeito, evitarase que alguén se vexa marxinado por mor das circunstancias económicas. Cómpre destacar que non participará nesta actividade calquera alumna ou alumno que teña sido sancionado con partes de conduta.

## ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E METODOLOXÍA

Preténdese que se involucre no proxecto a comunidade educativa no seu conxunto, é dicir, familias, PAS, profesorado e alumnado. Obviamente, o grao de participación varía segundo os sectores. Familias e PAS aportarán as súas achegas respondendo a formularios e enquisas relativas ao dialectalismo léxico, extraordinariamente rico na comarca. Os fundamentos organizativos remiten ao profesorado. O alumnado concorrerá ás dinámicas propostas polos docentes. Estes valorarán as suxestións da rapazada e encaixarán as actividades no ensino por proxectos, tendencia reivindicada na actualidade.

Para materializar as citadas actividades cómpre xestionar de maneira adecuada o tempo e os contidos. Emporiso, procurarase fusionar a argumentación dos exercicios cos contidos curriculares e optimizar as horas lectivas. Asemade, aproveitarase o lecer para ensaiar e propagar os resultados do traballo.

A metodoloxía apousa nunha base lingüística e literaria, combinada con outras manifestacións creativas. Apreciamos o elemento performático, que canaliza as habelencias e capacidades das crianzas, e servímonos das afeccións particulares como ferramenta para orientar o talento da rapazada.

CALENDARIO

A cada obra asignaráselle un mes durante os nove que completan o ciclo escolar. Isto non implica que necesariamente vexa a luz no mes concreto, xa que a entrega dos borradores depende da axenda dos autores e do dispor da imprenta.

RECURSOS HUMANOS

Os tres membros do EDLG Thíasos acoutamos as tarefas do seguinte xeito: M.ª Margarita Fernández Gómez traza a liña argumental do proxecto, contacta cos escritores e perfila os contidos; Alberte Pagán Vázquez realiza os labores de corrección, presentación e edición dos textos, que inclúen o peche de orzamentos co impresor; e Guadalupe Parente Morales encárgase da planificación dixital do blog e das dinámicas que executemos, insistindo nas boas prácticas das novas tecnoloxías.

É preciso subliñar o sentido de unidade que se respira no centro. Dende todos os departamentos se nos brinda a colaboración solicitada, e o apoio incondicional en calquera exercicio que levemos a cabo. Emporiso, aínda que na documentación pertinente figuramos unicamente os tres membros do EDLG Thíasos como participantes no proxecto, destacamos a axuda, en maior o menor grao, de todo o profesorado do centro.

O alumnado amósase receptivo ante calquera iniciativa, aínda que o ritmo de traballo é moi diverso. Sinalemos o entusiasmo que manifesta a rapazada, sempre disposta a aportar a súa ansia, bagaxe e ganas mediante suxestións ou resultados palpábeis. Constitúe, sen dúbida, o capital humano máis rendíbel. Eis a distribución por grupos, con participación a demanda: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO, 1º BACH, 2º BACH, FPB e CICLOS

Os restantes membros da comunidade educativa observan, segundo apuntabamos, unha colaboración máis restrinxida. No caso das familias (e veciñanza de idade avanzada, abofé), limítase á resposta a formularios e enquisas tendentes a recoller as variantes dialectais léxicas da zona. O PAS céntrase en cuestións de loxística, como a preparación do parámetro espazo/tempo,a entrega de fotocopias plastificadas ou o transporte de paquetes e mobles.

ORZAMENTO

Neste apartado anéxase, dun modo aproximado, o orzamento desagregado en usos determinados (a documentación pertinente obrará en poder do secretario do centro). Estes concordan con gastos de imprenta divididos en dous tipos:

Edición de 50 exemplares por obra publicada.

Vinilos con reminiscencias literarias.

O cálculo aproximado de gastos efectuouse a partir dos orzamentos solicitados á empresa local que nos ofreceu os prezos máis económicos e as condicións de cumprimento idóneas. O total, segundo se enumera no anexo correspondente, ascende a 2000 euros desagregados do seguinte xeito:

1300 destinados aos exemplares do proxecto editorial.

300 para investir nos vinilos literarios.

300 para gastos derivados da organización de actividades, fondos da biblioteca e visitas ao centro de persoas relacionadas cos circuítos intelectuais -nomeadamente literarios- do país.

COLABORACIÓN CON DIVERSOS ORGANISMOS

O EDLG Thíasos colabora asiduamente con entidades comprometidas na divulgación da nosa lingua. A corporación do Concello de Boiro, sobre todo na área de Cultura e Dinamización Lingüística, franquéanos a porta ao traballo en equipo cos centros educativos boirenses de titularidade pública. O estreito contacto que mantemos con estes, auspiciado polo consistorio, cristalizou durante os cursos previos nun evento para reivindicar o patrimonio lúdico galego, no que desempeñaron un papel protagonista os avós das crianzas; e na ornamentación dos pasos de peóns correspondentes a cada centro educativo boirense con versos, quer compostos polo alumnado, quer por poetas recoñecidos.

Asemade, as asociacións culturais Barbantia e Sociedade Fillos de Palmeira colaboran asiduamente connosco, brindándonos a segunda delas a oportunidade de reorganizar a súa biblioteca nunha nova dependencia.

DIFUSIÓN DO PROXECTO

Calquera actuación promovida e realizada polo EDLG Thíasos figura no blog cuxa ligazón se engadiu anteriormente. Ademais, a presenza do IES Espiñeira nas redes sociais e na prensa constitúe unha canle de comunicación sumamente eficaz. De feito, o traballo de dinamización chega ao público directamente interesado e a outro tipo de público, con inquedanzas alén da produción cultural á antiga usanza; dentro do segundo grupo de seareiros cómpre incluír outros centros educativos e empresas interesadas en investir o tempo libre en propostas didácticas. O profesorado explica tamén nas clases o proxecto editorial Thíasos, instigando a curiosidade da rapazada e normalizando a inserción transversal da dinamización lingüística.

AVALIACIÓN

No grao de aceptación da iniciativa por parte da comunidade educativa reside o mellor procedemento de avaliación do proxecto. Agora ben, como medir ese criterio? O instrumento que se nos antolla máis eficiente ao respecto é a batería de enquisas cuxa resposta se roga ás familias, ao PAS e, sobre todo, aos docentes e á rapazada.

Igualmente, os integrantes do EDLG Thíasos acollemos humildemente calquera suxestión que se nos faga, particularmente as relativas aos criterios e procedementos de avaliación. O noso obxectivo é proporcionar á mesma obxectividade, fiabilidade e lexitimidade.

IMPACTO EDUCATIVO

Comprobamos con agrado como medra non só o emprego do galego como lingua vehicular, senón tamén a identificación da lectura coa afección máis produtiva no desenvolvemento da aprendizaxe.

# 17. CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## 17.1. Constitución do DO

Con data do 24/10/24 constitúese o departamento de orientación cos seguintes membros:

- Xefatura do DO. Alba Piay García.
- Profesora de Pedagoxía Terapéutica, María José Barcala Alejandro.
- Profesor de Audición e Linguaxe, Joaquín Romón Pazos.
- Profesor do ámbito científico e titor de 1ºESO, Manuel Pimentel González.
- Profesora do ámbito lingüístico e social e titora de 4º, María Pardavila Neira.
- Profesor de FOL, Carlos Javier Chouza Blanco.

A reunión dos membros do departamento celebrarase cunha periodicidade mínima mensual. Ademais, no horario semanal de atención a famlias de PT e AL, no caso de ter disponibilidade e temas que tratar, establecerase unha reunión de coordinación PT-AL-XDO.

Establécese ademais unha reunión trimestral coa orientadora do centro adscrito: CEIP Escarabote.

## 17.2. Análise da situación de partida e valoración das necesidades con relación ao tipo de alumnado e á oferta educativa do centro.

Para esta análise tívose en conta a memoria do curso anterior, as actas das sesións de avaliación e a información da anterior etapa educativa e dos profesionais de Orientación.

Neste apartado queremos definir de xeito global a tipoloxía de necesidades do IES. Estas necesidades están definidas á data de elaboración deste PXAD e son revisadas de xeito continuo, trasladando anualmente os datos correspondentes no DRADI e DRORIENTA, a inicio e fin de curso, e actualizando na aplicación XADE-pestaña NEAE.

No presente curso escolar, hai 298 alumnos/as matriculados/as no centro.

### ALUMNADO CON NEAE

De conformidade co ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, seguindo o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, entendemos por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

| ENSINANZA | Nº ALUMNOS/AS POR CURSO. | ALUMNADO CON NEAE |
|---|---|---|
| **ESO:** | 1º ESO (29 ALUMNOS/AS),<br>2º ESO (30). 3º ESO (29).<br>4º ESO (29). | 20 |
| **BACHARELATO:**<br>BACHARELATO HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS.<br>BACHARELATO CIENCIAS E TECNOLÓXICO. | 1º (33) E 2º (31). | 9 |
| **FPB.**<br>GRADO BÁSICO DE INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS (FP BÁSICA). | 1º (18) E 2º (12). | 11 |
| **FP GM**<br>GRADO MEDIO DE INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS. | 1º (13) E 2º (5). | 7 |
| **FP GM** | 1º (14) E 2º (17). | 7 |

| | | |
|---|---|---|
| GRADO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA. | | |
| **FP GS**<br><br>GRADO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS | 1º (16) E 2º (18). | 2 |

## ALUMNADO REPETIDOR

O alumnado que non promociona é variable cada curso académico, tendo na actualidade as seguintes necesidades.

| | |
|---|---|
| ESO 1º curso | 0 |
| ESO 2º curso | 1 |
| ESO 3º curso | 3 |
| ESO 4º curso | 2 |
| BACHARELATO1º | 0 |
| BACHARELATO 2º | 4 |

| | |
|---|---|
| 1º GRADO BÁSICO DE INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS (FP BÁSICA). | 2 |
| **1º** GRADO MEDIO DE INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS. | 3 |
| 1º GRADO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA. | 0 |
| 1º GRADO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS | 0 |
| 2º GRADO BÁSICO DE INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS (FP BÁSICA). | 0 |
| 2º GRADO MEDIO DE INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS. | 2 |
| **2º** GRADO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA. | 5 |
| 2º GRADO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS | 0 |

Entre as medidas de atención á diversidade, establécese que cando alumno/a de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

## ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

A partir de 1º de ESO existe alumnado con materias pendentes.

Deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno

ALUMNADO CON ATENCIÓN HOSPITALARIA OU DOMICILIARIA

Neste curso escolar non temos alumnado con Protocolo de atención domiciliaria.

ALUMNADO CON ATRASO CURRICULAR XENERALIZADO

No centro estanse levando a cabo Adaptacións Curriculares (AC) con aqueles alumnos con importante desfase curricular e unha vez esgotadas as medidas ordinarias: 2 alumnos/as con previsión de AC no curso 2024/25.

ALUMNADO CON RISCO SUICIDA

Séguese o "Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo", abríndose cando se detecta unha situación de risco que o xustifique.

ALUMNADO ABSENTISTA

Séguese o "Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia". Iníciase a apertura do protocolo con 2 alumnos de FP Básica.

## 17.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

No marco do DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, e a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto e se regula a atención á diversidade do alumnado, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e /ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e están recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concreción anuais que pasamos a describir:

- **Medidas ordinarias**

Segundo o decreto citado, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

No IES Espiñeira, neste curso 2024/2025, entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Neste curso 24/25 Reducimos as ratios da materia matemáticas en 1ºESO, realizando desdobre de grupos, e na materia Educación Física bilingüe/non bilingúe, en 2ºESO, onde parte do alumnado acude, de xeito rotatorio, a EF, Francés/reforzo.

- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:

O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos nos que se

detectaron as dificultades, previo o informe pertinente da persoa titora da etapa ou do curso anterior, coa colaboración do departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.

Neste curso a exención da segunda lingua estranxeira afecta a 3 alumnos de 1º de ESO e 4 de 2º de ESO. Recibirán reforzo en matemáticas e linguas, respectivamente.

- Desenvolvemento do Plan de Acción Titorial, que se centrará no seguimento grupal e individual do alumnado. A acción titorial pretende a axuda e orientación na formación humana e académica do alumnado (mediante actividades planificadas nas sesión de titoría e o seguimento do alumnado), procurando a potenciación de todos os aspectos humanos, sociais e escolares da persoa así como servir de nexo de unión entre as familias e o centro, e entre os profesores que desenvolven a súa labor docente cun mesmo grupo. As persoas titoras farán un especial seguimento do ANEAE (Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo).

Coordinación no Centro dos programas destinados á atención á diversidade, como:

- Programas de recuperación, recollidos nas programacións dos distintos Departamentos Didácticos.
- Programas específicos personalizados (Plans de Traballo Individualizado), que serían elaborados polo profesorado coa colaboración do Departamento de orientación.
- Programa de habilidades sociais, con actividades recollidas no PAT.
- Plan de Acollida do alumnado, recollido no PE do centro.

Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade o Decreto 229/2011 contempla as aulas de convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. O curso 2023/24 actualizouse o Plan de Convivencia, onde se recolleron ditas actuacións.

- **Medidas extraordinarias**

No marco do decreto que regula a atención á diversidade do alumnado, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Este curso no IES Espiñeira, entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade inclúense:

- **Adaptacións Curriculares Significativas**. Realizaranse tras a súa proposta na avaliación inicial (ou posteriormente, de xeito excepcional se non se detectara antes dita necesidade) e unha vez esgotadas outras medidas de atención a diversidade incluída a repetición de curso, agás para o alumnado procedente de Primaria que xa trae o currículo adaptado da anterior etapa, neste caso valórase se dar continuidade á medida.

  Neste curso 2024/25 prevense 2 AC:
  En 1º da ESO: 1 alumno/a con AC.
  En 2º da ESO: 1 alumno/a con AC.

- **Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe e profesorado con horario dispoñible**. O alumnado que recibe apoio por parte do profesorado de AL e PT, dentro ou fóra da aula, está recollido en documento independente (confidencial) a esta concreción anual.
- **Formación Profesional Básica**. Derivarase a Formación Profesional Básica ao alumnado de 2º e 3º de ESO que valore como candidato o equipo docente, co fin de adquirir unha cualificación profesional, coa posibilidade de continuar estudando Formación Profesional de Grao Medio ou incorporarse ao mundo laboral en mellores condicións.

## 17.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓNS MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| 1ª semana de setembro | Asistencia ás reuniós de organización do ANEAE | XD orientación e profesorado especialista: PT e AL. | Recursos do departamento |
| 2ª semana de setembro | Contacto cos alumnos con NEAE: acollida para os novos e/ou as súas familias | XD Orientación Colaboración: profesorado AL e PT. | Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado |
| 2ª semana de setembro | Valoración das necesidades iniciais | Xefatura de estudos XD orientación | Informes obtidos nas reunións |
| 2ª semana de setembro | Elaboración de horarios do departamento | Xefatura de estudos XD orientación | Recursos do departamento |
| 3ª e 4ª semana de setembro | Preparacións das avaliacións iniciais da ESO | Xefatura de estudos (planifica e coordina) | Recursos do departamento |
| 3ª semana de setembro | Valoración e tramitación de becas de NEAE. | XD orientación | Informes e solicitudes |
| Finais setembro/inicios outubro | Realización da concreción anual do PAT | XD Orientación | Datos do alumnado |
| 2ª semana de outubro | Avaliacións iniciais ESO | Xefatura de estudos Titores (dirixen as reunións) XD orientación (asesora e apoia) | Recursos do departamento |
| Mes de outubro | Reunións de coordinación pedagóxica | Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) | Datos do alumnado |
| 1ª quincena de outubro | Elaboración e proposta de programas e | XD Orientación | Recursos do departamento. |

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| | actuacións xurdidas das reunións de coordinación | | Centros externos. |
| 2ª quincena de outubro | Realización da concreción anual do PAD | XD Orientación Titores | Datos dos alumnos |
| Mes de novembro | Elaboración das AC | XD Orientación e profesorado | Recursos do departamento |
| Decembro | Participación nas sesións da 1ª avaliación | XD Orientación e profesorado especialista de PT | Informes obtidos na avaliación inicial |
| Xaneiro | Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha | XD Orientación | Informes obtidos na 1ª Av. |
| Marzo | Participación nas sesións da 2ª avaliación | XD Orientación e profesorado especialista de PT | Informes obtidos ao longo do trimestre |
| Abril | Asesoría vocacional do alumnado de 4º ESO e 2º Bacharelato | XD Orientación e titores | Recursos do departamento |
| Maio | Programa de Transición de Primaria: Visita/presentación centro adscrito. | XD orientación Titores de 6º EP | Orientadoras. Titores/as |
| Maio | Participación nas sesións da avaliación final de 2º Bacharelato | XD Orientación | Informes obtidos nas avaliacións previas |
| 4ª semana de maio | Asesoramento aos titores para cumprimentar o Consello orientador | XD Orientación | Recursos do departamento |
| Xuño | Participación nas sesións da avaliación final | XD Orientación e profesorado especialista de PT | Informes obtidos ao longo do curso |
| Xuño | Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro | XD Orientación e profesorado especialista de PT | Informes obtidos ao longo do curso |
| Finais de Xuño/1ª semana de xullo. | Elaboración de listaxe de alumnos propostos para medidas de atención de atención á diversidade para o vindeiro curso | XD Orientación e profesorado especialista de PT | Informes obtidos ao longo do curso |
| 1ª semana de xullo | Elaboración da memoria do departamento | XD Orientación | Información recollida ao longo do curso |

| Datas | Tarefas | Responsables | Recursos |
|---|---|---|---|
| Todo o curso | Atender ás demandas do profesorado e do alumnado | Calquera membro do departamento segundo demandas | Recursos do departamento |
| Todo o curso (reunións semanais XE-XDO-titores-) | Reunión de seguimento do alumnado | XDO<br>Titores/as | Recursos do departamento |
| Todo o curso | Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas | XD Orientación e PT | Recursos do departamento |
| Todo o curso | Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro | XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados | Recursos do departamento |

### 17.5. PROFESORADO RESPONSABLE DO ALUMNADO CON NEAE

Do alumnado con NEAE será responsable o profesorado das distintas materias, o profesorado de Audición e Linguaxe, de Pedagoxía Terapéutica, así como o de reforzo que leva a cabo os programas de reforzo nas horas de exención de francés.

Manterase unha comunicación fluída (no centro ou por medios telemáticos) entre o profesorado titor e os profesionais especialistas de PT e AL.

## 18. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

| **Obxectivo: REFORMAR DOCUMENTOS** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Redacción dun Plan da Aula de Convivencia: Rexistros, documentos de uso… | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Plan terminado. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, Departamento de Orientación, Comisión de Convivencia. | | |
| **Observacións** | Elaboración de documentos útiles para o profesorado de garda dispoñible e /ou equipo directivo . | | |
| **Acción 2** | Revisión de documentos de centro: NOFC para concretar as medidas sancionadoras. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Aprobación en Claustro e Consello Escolar. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, orientación, profesorado. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Observacións** | | | |
| **Acción 3** | Difusión do punto laranxa. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Presentación por parte da orientación en todos os cursos. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo, orientación. | | |
| **Observacións** | Difusión entre a comunidade educativa, do punto laranxa, equipo acae... | | |

## 19. AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO

A comisión para o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico será:

- Directora do centro: Marta Álvarez Vidal
- Xefa de estudos: Paula Muñiz Vilas
- Orientadora: Alba Piay García
- Titora: María Serrano Amarelle

| **Obxectivo: CONCRETAR AS PROPOSTAS DE MELLORA (AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO)** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Creación dunha comisión que parta da CCP. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Comisión creada. | | |
| **Responsables** | Xefes/as de Departamento das materias implicadas na avaliación de diagnóstico. | | |
| **Observacións** | A comisión será creada a proposta da CCP e estará formada polos xefes de departamento das materias implicadas na avaliación de diagnóstico.<br>Analizará os resultados da avaliación de diagnóstico e establecerá propostas de mellora.<br>O equipo directivo dará traslado á Comisión de toda a información necesaria para que leven a cabo a súa labor e coordinará todas as posibles reunións. | | |
| **Acción 2** | Revisión das valoracións e propostas de mellora polo Consello Escolar e Claustro. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Aprobación en Claustro e Consello Escolar das propostas de mellora. | | |
| **Responsables** | Equipo directivo e comisión. | | |
| **Observacións** | Trasladarase o contido do informe e a súa valoración aos diferentes órganos de coordinación didáctica, Claustro e Consello Escolar.<br>A concreción de melloras para adoptar incorporarase no **Plan de Mellora do Proxecto Educativo de centro.** | | |
| **Acción 3** | Difusión das medidas. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Envío de abalar aos responsables. | | |
| **Responsables** | Titores/as, Equipo directivo. | | |
| **Observacións** | Os titores/a, equipo directivo informarán ás familias das propostas de mellora e dos contidos do análise máis relevantes que propoña a Comisión. | | |

## 20.SECCIÓNS BILINGUES

| Materia | Idioma | Curso | Nº alumnado participante | Profesorado responsable | Coordinadora |
|---|---|---|---|---|---|
| Educación Física | Francés | 1º ESO | 15 | Manuel Pimentel González | Ana Sequedo Castro |
| Educación Física | Francés | 2º ESO | 17 | Manuel Pimentel González | Ana Sequedo Castro |

### 20.1. Mecanismos de seguimento e avaliación do programa

A coordinadora e o profesor, realizan o seguimento trimestral e unha avaliación final.
Os resultados e as propostas de mellora son expostos na memoria final da sección bilingüe e nas correspondentes actas de Departamento.
Avaliaranse os seguintes aspectos:

- A mellora da competencia do alumnado na lingua francesa.
- Coñecemento do vocabulario específico de Educación Física en francés.
- Número de intervencións verbais na clase de Educación Física.
- Grao de satisfacción do alumnado en relación coa súa participación no programa.

### 20.2. Mecanismos de seguimento e avaliación do auxiliar de conversa

A coordinadora da Auxilar de Conversa (Ana Sequedo), o profesor das seccións bilingües, e a propia auxiliar de conversa realizan o seguimento trimestral e unha avaliación final do traballo da auxiliar de conversa.
Os resultados e as propostas de mellora son expostos na memoria final da sección bilingüe e nas correspondentes actas de Departamento.
Empregan escalas de valoración nos que teñen en conta os seguintes items:

- Asiste axeitadamente ao profesor titular.
- Asiste axeitadamente ao profesor da materia non lingüística.
- Imparte adecuadamente a parte da clase que lle foi asignada polo profesor titular.
- Realiza prácticas de conversa co alumnado.
- Facilita o acceso do alumnado á cultura do seu país (divulgación cultural).
- Colabora con profesorado na elaboración de materiais curriculares.
- Elabora presentacións para que poidan ser empregadas polo profesorado ou alumnado.
- Participa de forma voluntaria nas ACE do centro (culturais, académicas, deportivas, ...)
- Achega suxestións na elaboración de exames orais ou probas escritas
- O alumnado respecta as aportacións e traballo do auxiliar de conversa.
- O/a auxiliar de conversa respecta os costumes e hábitos do centro e do alumnado.
- Fai aportación ao profesorado para a mellora da competencia lingüística do alumnado.
- Corrixe os materiais curriculares elaborados polo profesorado.
- Participa de forma activa nas reunións de coordinación semanais.
- Modera a velocidade nos intercambios comunicativos.
- Emprega unha linguaxe sinxela.
- Fai preguntas para asegurarse que o alumnado entende a maior parte da conversa.
- Emprega canles non verbais para facilitar a comprensión do alumnado.
- Recurre á tradución só cando é estritamente preciso.

- Favorece o emprego de situacións reais de diálogo (dramatizacións, xogos de rol,…
- Proporciona apoio individual ao alumnado durante a clase.
- Detecta situacións de dificultade no alumnado e achégase para axudarlle.

## 21. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

-

| PFPP : POLOS CREATIVOS | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Tipo** | ☐ Curso | ☐ Grupo Traballo | ☒ Seminario | ☐ Xornada | ☐ Ponencia | ☐ Taller |
| **Horas** | **Temporalización** | | | | | |
| 20 | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | Marta Álvarez Vidal, Paula Muñiz Vilas e María del Rocío Torres Fungueiro. | | | | | |
| **Participantes** | Carlos Javier Chouza Blanco<br>Beatriz Hernández Mato<br>María Pardavila Neira<br>Alejandro Pazos Pazos<br>Rosa María Busto Regueira<br>Jesús Cajaraville Dapena<br>Joaquín Romón Pazos<br>Mónica Pérez Arias | | | | | |
| **Observacións** | O PPFP baséase nun único itinerario: Polos creativos.<br>Obxectivos:<br>- Organizar os polos creativos: espazo, recursos, horarios, axentes.<br>- Manexar a radio escolar.<br>- Desenvolver un proxecto audiovisual co alumnado.<br>Contidos :<br>- Organización da dotación de polos: xestión, coordinación e traballo cooperativo.<br>- Introdución a didácticas e uso escolar dunha radio.<br>- Coordinación interna e execución dun proxecto audiovisual que teña como eixe clave a inclusión no centro. | | | | | |

## 22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

| PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES (PLAMBE) | |
|---|---|
| **Modalidade** | Continuidade |
| **Responsables** | Beatriz Hernández Mato |
| **Observacións** | Plan de mellora de bibliotecas escolares. |

| CLUB DE LECTURA | | | |
|---|---|---|---|
| **Modalidade** | Continuidade. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Responsables** | Beatriz Hernández Mato | | |

| | |
|---|---|
| **Alumnado** | Alumnado voluntario de 1º a 4º ESO. |
| **Observacións** | Os participantes reúnense unha vez ao mes no centro escolar, en horario de 14:10 a 16:20 h, para realizar diversas actividades que teñen como referencia a lectura dun libro común para todos. |
| **PROGRAMA OBSERVA_ACCIÓN** | |
| **Modalidade** | Fase II |
| | **Temporalización**<br>**1º T** ☒ **2º T** ☒ **3º T** ☒ |
| **Responsables** | María Pardavila Neira e Marta Álvarez Vidal |
| **Profesorado** | Paula Muñiz Vilas<br>Alejandro Pazos Pazos |
| **Observacións** | Desenvolvemento competencial dende a observación e o intercambio entre iguais.<br>A fase II é autonómica. A observación terá lugar con outro centro emparellado doutra Comunidade Autonómica. |
| **PROGRAMAS INTERNACIONAIS** | |
| **Modalidade** | Proxecto no eido de Educación Escolar. |
| **Alumnado** | ESO, Bacharelato e Ciclos Medios. |
| **Responsables** | María Pardavila Neira |
| **Observacións** | - Acreditación KA120: Estamos en proceso de conseguir a acreditación para mobilidade de profesorado e alumnado de ESO e BACH. Se se concede temos ata o 2027 para desenvolver os proxectos.<br>- Proxecto KA131 en colaboración coa Consellería de Educación: O centro ten prazas para a realización da FCT en empresas europeas para alumnado de ciclos medios.<br>- Proxecto virtual mediante a plataforma eTwinng en colaboración coa biblioteca e co Club de lectura.<br>- |
| **PROGRAMA DO CENTRO: BIOÉTICA** | |
| | **Temporalización**<br>**1º T** ☒ **2º T** ☒ **3º T** ☒ |
| **Responsables** | Mónica Pérez Arias |
| **Alumnado** | Voluntarios de ESO e BACH. |
| **Observacións** | Durante o curso escolar fanse actividades relacionadas co medio ambiente e a protección animal. Os voluntarios e voluntarias contan cun local equipado para organizar as actividades .<br>Principalmente céntrase nas conmemoracións e na planificación da Semana Fauna ( Semana temática con charlas, proxeccións, talleres, saídas e exposicións que conta coa colaboración de todos os departamentos adquirindo un carácter interdisciplinar e que se ven celebrando en torno ao mes de abril ou maio)<br>Dende este grupo preténdese concienciar á comunidade educativa sobre o respecto e a empatía cara os animais e o coidado da contorna natural. |

| PROGRAMA: AULA DE EMPRENDEMENTO | | | |
|---|---|---|---|
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T ☒** | **2º T ☐** | **3º T ☐** |
| **Responsables** | Paula Muñiz Vilas | | |
| **Alumnado** | Alumnado de FP | | |
| **Observacións** | A aula de emprendemento ten como principais obxectivos a promoción do emprendemento entre o alumnado da Formación Profesional.<br>Pretende levar a cabo accións formativas relacionadas co emprendemento e poñer en relación a institucións, empresas ou outras entidades colaboradoras que participen en iniciativas emprendedoras.<br>As actividades formativas focalizaranse no desenvolvemento das habilidades e competencias que fomenten o espírito emprendedor no alumnado. | | |

# ANEXO I
# PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES


1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN.
   1.1. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA.
   1.2. DATOS BÁSICOS DO CENTRO
2. ANÁLISE DA REALIDADE DO CENTRO.
   2.1. DATOS ESPECÍFICOS DO ALUMNADO RELACIONADOS COS ESTILOS DE VIDA.
   2.2. INTERVENCIÓNS/ACTUACIÓNS QUE SE REALIZAN NA ACTUALIDADE.
   2.3. ÁMBITOS TEMPORAIS DE ACTUACIÓN
   2.4. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DAFO.
3. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN.
4. RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS.
   4.1. RECURSOS HUMANOS.
   4.2. RECURSOS MATERIAIS.
   4.3. RECURSOS ORGANIZATIVOS.
5. AVALIACIÓN DO PLAN.
   5.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.
   5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.
   5.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.
   5.4. INDICADORES DE LOGRO.
6. DIFUSIÓN DO PLAN.

## 1. XUSTIFICACIÓN DO PLAN.

### 1.1. MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (**LOMLOE**), derogou a LOMCE e introduce modificacións na LOE. Baseándose en principios como o respecto aos dereitos da infancia, a educación inclusiva, a equidade, a igualdade de xénero e a orientación educativa e profesional

No **DECRETO 156/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **No Artigo 7. Obxectivos da etapa, concrétase o seguinte obxectivo:**
  - k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- **No Artigo 18. Elementos transversais, concrétase o que segue:**
  - 2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- **No Artigo 38. Promoción de estilos de vida saudables, establece os seguintes puntos:**
  - 1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu **proxecto educativo e funcional** un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e
autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.
  - 2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.
- A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de facerlles fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; **contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade;** ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

Na **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, o artigo 19 establece que o **Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables** terá por finalidade a práctica diaria de deporte, e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, e incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

- Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación del.

- Análise do contexto, recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación coa práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física, a alimentación e os hábitos de vida saudable, a hixiene persoal e o descanso.
- Obxectivos, dos cales se especificarán indicadores.
- Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

No **DECRETO 157/2022**, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

- **Artigo 7. Obxectivos da etapa, concrétanse os seguintes obxectivos:** o m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.
    - n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.
    - o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- **No Artigo 19. Elementos transversais, concrétanse os seguintes puntos:**
    - Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.
    - Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.
    - Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, e incorporarase transversalmente a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.
    - A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- **No Artigo 36. Promoción de estilos de vida saudables, establece o seguinte punto:**
    - 1. Os centros docentes deberán incluír, dentro do seu proxecto educativo e funcional, un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da promoción da práctica de deporte e exercicio físico e dunha vida activa, saudable e autónoma por parte das alumnas e dos alumnos, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións.
    - 2. O deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidos polo profesorado coa cualificación ou especialización adecuada, e de acordo cos recursos dispoñibles.

Na **ORDE do 26 de maio de 2023** pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, o artigo 22 establece que o **Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables** terá por finalidade a práctica diaria de deporte, e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, e incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

- Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.
- Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro coa relación á práctica diaria de deporte e de exercicio físico e de actividade física, a alimentación e os hábitos de vida saudable, a hixiene persoal e o descanso.
- Obxectivos, dos que se especificarán indicadores.
- Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Atendendo as **competencias profesionais docentes**, estruturase en tres áreas: pedagóxica, profesional e
social.

- Na área pedagóxica abarca a competencia didáctico-metodolóxica, a competencia comunicativa e a competencia dixital.
- Na área profesional abarca a competencia en desenvolvemento profesional, e a competencia en organización escolar e colaboración.
- Na área social abarca a competencia en saúde, seguridade e benestar social, e a competencia inclusiva, social e cidadá.

  Na competencia en **saúde, seguridade e benestar** no descritor competencial de **xestión e promoción do benestar e desenvolvemento físico**, búscase facilitar, a través da innovación educativa, a investigación e a aplicación de metodoloxías axeitadas, que o conxunto da comunidade educativa se implique e adopte un estilo de vida saudable baseado:
    - Na calidade nutricional da dieta,
    - Na práctica da actividade física,
    - Na redución de condutas sedentarias e
    - Na prevención das dependencias e do consumo de substancias que serán adicción.

  Para cada un dos descritores nos que se organizan todos os indicadores aténdese a tres niveis:
    - **Básico**: adquire e transmite coñecementos sobre a saúde física e propugna actitudes axeitadas para o desenvolvemento físico integral do alumnado, promovendo, con orientación e apoio por parte do profesorado con experiencia e especialistas na materia, a implantación dun estilo de vida saudable.
    - **Medio**: promove activamente un clima escolar axeitado para o correcto desenvolvemento físico e protector integral da saúde, traballando na autonomía do alumnado relativa ao coidado do seu corpo e aplicando medidas preventivas de condutas sedentarias e adiccións.
    - **Avanzado**: deseña accións destinadas a promover un estilo de vida saudable na escola, define e implementa medidas de prevención de situacións de risco sanitario, e orienta e forma o profesorado do centro en materia de saúde e desenvolvemento físico integral (Congreso sobre as competencias profesionais docentes. 29/3/2023 Santiago de Compostela).

Neste senso, distintos organismos nacionais e supranacionais tamén se pronunciaron sobre a necesidade de mellorar os hábitos de saúde da poboación escolar.

- En 2010, o informe da Comisión Europea "La Educación Física y el Deporte en la escuela en Europa" recorda que o número de horas de Educación Física é baixo en comparación con outras materias.
- En 2013, a Comisión Europea publicou a "Recomendación sobre a promoción da actividade física beneficiosa para a saúde en distintos sectores" na que se anima aos Estados membros a desenvolver estratexias e plans de acción en diferentes ámbitos de actuación (deporte, saúde, educación, medio ambiente ou transporte).
- En 2020 a OMS, a través das "Directrices sobre actividade física e hábitos sedentarios" estableceu unhas recomendacións para a poboación escolar de 5 a 17 anos.
- En 2022, o Ministerio de sanidade publicou as "Recomendacións sobre Actividade Física para a saúde e a redución do sendentarismo" na que se recomenda limitar o tempo frente a televisión e outras pantallas.

- En 2022, o Eurobarómetro da Comisión Europea “Sport and Physical Activity” alerta sobre os problemas de saúde ligados ao sedentarismo.

Tendo en consideración o establecido no Título III do Decreto 156/2022 e no Título III do Decreto 157/2022 relativos a Plans Educativos, e na mesma liña e termos que os plans de *Bibliotecas escolares e lectura* e de *Educación dixital*, acórdase facilitar o traballo das persoas responsables do plan de *Promoción de estilos de vida saudables* e asignar no seu horario lectivo o tempo suficiente para o deseño, coordinación e supervisión do plan e desenvolver os proxectos, actividades e iniciativas do mesmo.

### 1.2. DATOS BÁSICOS DO CENTRO

| | |
|---|---|
| **Nome do centro** | IES ESPIÑEIRA |
| **Código de centro** | 15026698 |
| **Correo do centro** | Ies.espineira@edu.xunta.gal |
| **Teléfono de contacto** | 881 866630 |

| Etapa | Liñas | | Alumnado |
|---|---|---|---|
| **ESO** | Li ña 1 en 1º, 2º, 3º e 4º ESO | | **120** |
| **Bacharelato** | Liña 2 en 1º BAC<br>Liña 1 en 2º BAC | | **60** |
| **Formación Profesional** | Liña 1 en FPGB Informática e comunicacións<br>Liña 1 en FPGM Xestión Administrativa<br>Lina 1 en FPGM Instalacións de Telecomunicacións<br>Liña 1 en FPGS Administración e finanzas | | **100** |
| | | **TOTAL** | **280** |

## 2. ANÁLISE DA REALIDADE DO CENTRO.

### 2.1. DATOS ESPECÍFICOS DO ALUMNADO RELACIONADOS COS ESTILOS DE VIDA.

O Departamento de Educación física pasa ao comezo de curso unha **enquisa sobre hábitos de actividade física e saúde**, na cal se compilan datos de interese para o profesor. Nesta ficha solicítase, ademais, información acerca da actividade física practicada na actualidade e da practicada anteriormente, se está federado/a, club, etc. Esta enquisa permítenos constatar que un 60% do alumnado practica actividade física de forma habitual, bastantes alumnos e alumnas non fan nada de deporte (40%) e uns cuantos non soe almorzar correctamente antes de vir a clase. Os deportes máis practicados son o fútbol, remo, piragüismo, baloncesto, natación e distintas forma de baile.

### 2.2. INTERVENCIÓNS/ACTUACIÓNS QUE SE REALIZAN NA ACTUALIDADE.

| N | Actuacións | Periodicidade | Financiamento do programa |
|---|---|---|---|
| 1 | Sesións de Educación física en ESO e BAC. | 2 sesións/semanais | Departamento |
| 2 | Recreos activos. | Diaria (recreos) | C/P EDUsaúde |
| 3 | Consumo de froita | Diaria (recreos) | C/P EDUsaúde |
| 4 | Asesoramento técnico deportivo | Diaria (recreos) | C/P EDUexcelencia |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 5 | Competicións deportivas. | Mensual | C/P EDUsaúde |
| 6 | Taller de kilocalorías | Anual (3 sesións) | Departamento |
| 7 | Primeiros auxilios | Anual (6 sesións) | Departamento |
| 8 | Saída medio natural (senderismo-kayak) | Anual (1 xornada) | Departamento |
| 9 | Alimentación saúdable | Anual (2 xornadas) | Departamento |

**2.3. ÁMBITOS TEMPORAIS DE ACTUACIÓN**

A nosa realidade debe incluír a relación de actividades realizadas polo centro educativo nos seus diferentes ámbitos de intervención:

- Ámbito temporal 1. Fóra do centro e fóra do horario lectivo.
  - Promoción da participación do alumnado e da comunidade educativa en carreiras populares, camiñadas, rutas, eventos deportivos etc., a nivel individual (todo o curso)
  - Asesoramento para facer actividade física en familia durante os períodos de vacacións ou confinamentos.
- Ámbito temporal 2. Dentro do centro e dentro do horario lectivo. ○ Recreos Activos no pavillón (tenis mesa, dardos, bádminton, baloncesto, ultimate, habilidade co balón, baloncesto, …).
  - Organización de ligas e campionatos. ○ Organización de espazos deportivos no centro, para favorecer a participación das alumnas.
  - Distribución de distintas zonas no pavillón ou ximnasio para facilitar que todo o alumnado poida realizar unha actividade física de acordo aos seus gustos e intereses.
  - Realización de campañas de promoción da actividade física e da saúde.
  - Realización de enquisas de hábitos de actividade física.
  - Organización dun taller de Primeiros Auxilios.
  - Organización de xornadas deportivas en días especiais (Magosto, Entroido, Letras Galegas)
  - Visita promocionais de distintas entidades deportiva locais.
- Ámbito temporal 3. Fóra do centro e dentro do horario lectivo.
  - Actividades no medio natural (sendeirimos-kaiak)
  - Celebración de días especiais con eventos/actividades físico-deportivas (Save the Children)
- Ámbito temporal 4. Dentro do centro e fóra do horario lectivo. ○ Actividades extraescolares de actividade física organizadas a través do Concello no ximnasio e no pavillón do centro (futbol e baloncesto)

**2.4. ANÁLISE DIAGNÓSTICA DAFO.**

Tendo en conta a realidade do noso centro establecemos as necesidades externas e internas, segundo a técnica de análise DAFO.

**FORTALEZAS:**

1. A implicación de parte do profesorado na formación permanente do profesorado en innovación educativa dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)
2. A implicación do profesorado de Educación Física na posta en marcha de varios contratos-programa (EDUsaúde e EDUexcelencia).
3. A implicación doutro profesorado doutros departamentos na posta en marcha de actividades e actuacións relacionados coa promoción de estilos de vida saudable.
4. A calidade das instalacións deportivas, a dotación de recursos materiais e disponibilidade das mesmas.
5. As porcentaxes do alumnado que practica algunha actividade física de forma habitual.

**DEBILIDADES:**

1. A pouca implicación dunha minoría do profesorado na posta en marcha de actividades e actuacións relacionados coa promoción de estilos de vida saudable.
2. As porcentaxes do alumnado que non practica algunha actividade física de forma habitual.
3. Non contar con horario específico para o desenvolvemento do plan de actividade físicas.
4. Falta mellorar a coordinación cos axentes externos da contorna.

**OPORTUNIDADES:**

1. Financiamento a través dos contratos programa.
2. A formación específica dentro do PFPP, formación do CFR e CAFI.
3. Forte implicación das titores e titoras.
4. Disponibilidade para impartir charlas complementarias durante o horario lectivo.
5. Achegas concretas por parte de especialistas.

**AMEAZAS:**

1. A falta de orzamento para ampliar o programa de Consumo de froita.
2. A alta dependencia do uso do móbil por parte do alumnado.
3. A escasa implicación dalgunhas familias nos hábitos dos seus fillos.
1. A limitación no aumento do número de sesións de Educación Física na ESO (terceira sesión de EF)
2. A creación dun equipo de coordinación con dotación de sesións no horario lectivo para o desenvolvemento do Plan de Actividade Física para facilitar a súa implementación, seguimento e avaliación.

## 3. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN.

Tendo en conta a análise da nosa realidade educativa establécense os seguintes obxectivos principais e comúns:

1. Promover unha vida activa, saudable e autónoma por parte da comunidade educativa.
2. Incrementar a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar.
3. Realizar competicións deportivas ao longo do curso.
4. Celebrar datas conmemorativas relacionadas co fomento de hábitos relacionados coa correcta alimentación e a prevención de hábitos prexudiciais.
5. Coñecer os Primeiros Auxilios básicos ante lesións e accidentes e emprego da caixa de primeiros auxilios.
6. Favorecer aprendizaxes específicas dende os ámbitos lingüístico-social e científico-tecnolóxico para mellorar a vida activa e saudable.
7. Mellorar o benestar emocional do alumnado coa realización de actividades físico-deportivas.
8. Desenvolver os contratos-programa: EDUsaúde e EDUexcelencia.
9. Coñecer os principais problemas de saúde e medidas a seguir no contexto escolar, priorizando os casos do alumnado con problemas de saúde e activando a alerta sanitaria.
10. Fomentar hábitos de estilos de vida saudables nas familias.
11. Mellorar as colaboracións co Concello, co Centro de Saúde e os clubs deportivos.
12. Crear novos espazos deportivos e lecer dentro do centro.
13. Consolidar o programa de Consumo de froita.
14. Fortalecer o vínculo coas entidades deportivas locais.
15. Potenciar o coñemento de distintos xogos populares e tradicionais.

## 4. RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS.

### 4.1. RECURSOS HUMANOS.

- **Axentes internos:**
  - O equipo directivo debe favorecer a promoción de estilos de vida saudable segundo as necesidades e recursos coas que conta.
  - Os distintos departamentos didácticos, baixo a coordinación dun xefe/a de departamento, tamén manterán espazos e tempos para a coordinación e a colaboración, aportando á promoción de estilos de vida saudable, tanto

a nivel xeral de centro como específico. Coa especial implicación do Departamento de Educación Física.
   - O departamento de Orientación debe asesorar en todo momento e favorecer os procesos de coordinación e colaboración, participando activamente no plan de promoción de estilos de vida saudable, centrado na mellora do benestar emocional.
- **Axentes externos:**
   - O centro establecerá mecanismos de coordinación formais coas familias para o fomento da promoción de estilos de vida saudable e nos recreos activos.
   ○ Por outro lado, implicarase á Asociación de nais e pais de alumnado (ANPA) para que colabore na promoción de estilos de vida saudable (recreos activos, consumo de froita, competicións deportivas). ○ Centros privados de psicopedagoxía e logopedia. ○ Centro de saúde.

**4.2. RECURSOS MATERIAIS.**

- Todo do material de departamento de Educación física.
- Instalación deportivas e de lecer do centro.
- Adquisición de material.

**4.3. RECURSOS ORGANIZATIVOS.**

- **Espazos:**
   - Todos os específicos do centro educativo: pavillón e ximnasio. ○ Outros espazos do centro: zona exterior verde dentro do recinto.
   - Outros espazos da contorna: pavillón municipal, áreas recreativas da zona, a rúa...
- **Tempos:**
   - Atendendo aos ámbitos temporais establecidos no plan proxecta.
   - Atendendo ao curso escolar por trimestres.

Con arranxo ao artigo 38 do Decreto 156/2022 e ao artigo 36 do decreto 157/2022, o deseño, a coordinación e a supervisión das medidas que se adopten serán asumidas polo profesorado do departamento de Educación Física, o cal disporá no seu horario lectivo como mínimo de 2,5 horas semanais de redución para o desenvolvemento dos obxectivos e liñas de actuación do punto 3 e que, prioritariamente, se desenvolveran durante os recreos (competicións, recreos activos, programa de froita, asesoramento deportivo, promoción de hábitos saudables, incrementar os niveles de práctica deportiva, ...).

## 5. AVALIACIÓN DO PLAN.

### 5.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Estes criterios de avaliación permiten analizar o grao de consecución dos obxectivos.

| INDICADOR | GRAO | | |
|---|---|---|---|
| | SI | NON | PROCESO |
| Promocionar unha vida activa, saudable e autónoma por parte da comunidade educativa. | | | |
| Incrementar a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar. | | | |
| Celebrar as datas conmemorativas relacionadas co fomento de hábitos relacionados coa correcta alimentación e a prevención de hábitos prexudiciais. | | | |
| Coñecer os Primeiros Auxilios básicos ante lesións e accidentes e emprego da caixa de primeiros auxilios. | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Mellorar o benestar emocional do alumnado coa realización de actividades físico-deportivas. | | | |
| Desenvolver os contratos-programa. | | | |
| Coñecer os principais problemas de saúde e medidas a seguir no contexto escolar, priorizando os casos do alumnado con problemas de saúde e activando a alerta sanitaria. | | | |
| Fomentar hábitos de estilos de vida saudables nas familias. | | | |
| Mellorar as colaboracións co Concello, co Centro de Saúde e os clubs | | | |
| Celebrar distintas competicións deportivas. | | | |
| Consolidar o programa de Consumo de froita. | | | |

### 5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación incluirá a temporalización, os criterios de avaliación e os procedementos de avaliación. En canto á temporalización, haberá tres momentos a destacar:

1. Unha avaliación previa ou inicial que terá carácter diagnóstico e que nos permite deseñar un plan realista e adaptado ás necesidades do centro.
2. Unha avaliación de procesos ou continua, que será levada a cabo no seguimento da implementación do plan e terá en conta todas as actuacións, medidas e programas a desenvolver, dentro dun modelo de centro que vive cun estilo de vida saudable como algo global e inherente á súa organización e funcionamento.
3. Unha avaliación final, sumativa ou de resultados que permita comprobar se se acadaron os obxectivos e en que grao. Todo isto tendo en conta a valoración e implicación dos participantes, que inclúe a toda a comunidade educativa e o seu entorno.

### 5.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

No relativo aos instrumentos de avaliación teranse en conta diversos tipos de recursos para valorar os estilos de vida saudable, tanto cualitativos como cuantitativos: taboas de indicadores, cuestionarios, enquisas, rexistros e todos aqueles documentos que poidan ser precisos ter en conta para a avaliación do plan. Estes instrumentos poderán ter carácter formal ou poderán ser elaborados especificamente.

### 5.4. INDICADORES DE LOGRO.

Centraranse, sobre todo, no nivel de implicación e participación dos distintos membros da comunidade educativa e dos axentes do entorno.

Estableceranse os indicadores de logro segundo os obxectivos específicos establecidos no plan e dirixidos a toda a comunidade educativa.

Revisaranse e estableceranse novos obxectivos a conseguir deseñando actuacións, medidas e programas que permitan a súa consecución, sempre atendendo ás necesidades que vaian xurdindo no noso centro educativo. Concretaranse as propostas de mellora cada curso escolar segundo a implementación do Plan de Actividades físicas e Hábitos Saludables e os resultados obtidos e concretados nas memorias anuais.

## 6. DIFUSIÓN DO PLAN.

O protocolo para a publicidade e difusión do plan entre toda a comunidade educativa incluirá o seguinte proceso:

- Comunicación aos órganos colexiados:
- Claustro (presentación e valoración).
- Consello Escolar (presentación, valoración e aprobación).
- Publicidade na web do centro no apartado de documentos.
- AbalarMóbil: comunicación do enlace ao documento.
- Circulares informativas.